

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS DO CONCELLO DE BRIÓN OS MUIÑOS

FICHA INDIVIDUAL Nº: 1

DOCUMENTACIÓN ESCRITA	
DENOMINACIÓN: Muíño	TIPO DE ELEMENTO: Muíño hidráulico de rodicio
LOCALIZACIÓN: Concello de Brión Coordenadas:	TITULARIDADE: Comunal
DESCRIPCIÓN:	
<p>Os muíños son unha sabia combinación de arquitectura e tecnoloxía, unha edificación simple que acolle un complexo dispositivo mecánico accionado pola forza da auga.</p> <p>Está composto pola presa, que ten por obxecto captar a auga do río; a gavada ou lovada, que conduce a auga da presa cara o muíño salvando o desnivel do terreo; o cubo, que almacena a auga que posteriormente activará o rodicio, ou roda hidráulica con paletas curvas e eixo vertical que move a moa; e a edificación do muíño propiamente dita, un sinxelo edificio de planta rectangular e uns 6 m² de superficie, cuberto por un tellado a unha sóa auga constituído por paredes de cachote irregular nos que unicamente se practica un vano, o que permite o acceso.</p> <p>A meirande parte dos muíños brioneses pertencen á modalidade de <i>cubo</i>, característico por ter que administrar un pequeno caudal de auga que, procedente da gavada, vén a se almacenar no cubo, un depósito vertical conformado polo mesmo tipo de pedra que o edificio, que adopta forma de funil -cilíndrica ou troncocónica-. A entrada da auga no cubo faise, neste caso, á altura do tellado (noutras ocasións dende puntos máis elevados), tal é a solución máis común nas terras de relevo suave. Na parte inferior do cubo áchase unha peza especial de madeira ou granito, segundo o caso, onde se practica un burato que se abre e obtura dende o interior (o billote ou bofetón) que fará saír á auga coa forza necesaria para mover o rodicio coa forza desexada.</p> <p>Este de Guisande, na foto, é dunha soa moa e atópase -dende hai varios anos- en estado de semiabandono.</p>	
ZONA DE ORDENANZA NO PXOM NA QUE SE ATOPA:	
PLANEAMENTO POSTERIOR:	
OBRIGADO:	RECOMENDADO:
OPTATIVO:	INNECESARIO:
OBRAS PERMITIDAS:	CONSERVACIÓN:
	REESTRUCTURACIÓN:
	RESTAURACIÓN:
	ADICIÓN PLANTA:
	CONSOLIDACIÓN:
	REHABILITACIÓN:
Observacións:	

MELLORAS NECESARIAS:

A) NO PROPIO ELEMENTO: Rehabilitación integral.

B) NO CONTORNO: Axardinamento.

NIVEL DE INTERESE ²	1	2	3	ESTADO DE CONSERVACION
HISTÓRICO		X		A) BO: B) REGULAR: C) MALO: SI
ARTÍSTICO- ARQUITECTÓNICO			X	
URBANO				

OBSERVACIÓNS:


Ao igual que temos suxerido noutros apartados, o Concello debería ter a iniciativa de incentivar aos veciños para rehabilitaren e conservaren o patrimonio que é de seu. A implicación da institución municipal neste cometido podería vir dada -por exemplo- pola cesión dos materiais de construción necesarios, de maneira que os veciños da parroquia se convertisen en axentes activos nos procesos de rehabilitación e mantemento do muíño.

Unicamente a implementación de modelos coma este que propomos (experimentado con éxito noutros lugares) son viables dende o punto de vista económico, amáis de sumamente útiles dende a perspectiva socio-comunitaria.


Clodio Glez cuantifica no centenar o número de muíños -dunha soa moa a práctica totalidade deles- existentes no municipio.

² 1 Moi Alto; 2 Alto; 3 Medio

MUÑOS



MUÑOS



CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS DO CONCELLO DE BRIÓN

OS HÓRREOS

FICHA INDIVIDUAL Nº: 2

DOCUMENTACIÓN ESCRITA	
DENOMINACION: Hórreos de tipoloxía mixta	TIPO DE ELEMENTO: Construcción adxectiva de almacenamento
LOCALIZACION: Totalidade do termo municipal Coordenadas:	TITULARIDADE: Privada
DESCRICION:	
<p>O hórreo máis abundante nestas terras é, seguindo a clasificación de Ignacio Martínez, o <i>Hórreo Amaián</i>, de tipoloxía mixta (pedra e madeira), con ou sen <i>celeiro</i>, segundo o caso. Exposto sempre aos ventos dominantes, co obxecto de facilitar o secado e conservación do millo, os cabaceiros ou canastros amaiáns sitúanse nos lugares máis elevados das eiras, ademais de sobre os valos que pechan estas, e mesmo sobre camiños, practicando sobre estes unha especie de ponte a xeito de portalón ou entrada.</p> <p>O hórreo tradicional desta comarca érguese maiormente sobre unha <i>soleira</i> empedrada ou aterrada nos máis dos casos. Sobre esta superficie sitúanse as <i>cepas</i>, uns muros transversais labrados en cantería de entre os 80 e os 150 cm de h. do mesmo largo que a cámara, que varían en número dependendo do longo do conxunto. As cepas soportan a <i>mesa</i>, unha peza rectangular de cantería que en Brión aparece nas súas dúas modalidades:</p> <ol style="list-style-type: none"> a) En forma dunha pequena peza rectangular, pousada sobre cada unha das cepas. b) Conformando a totalidade do piso do hórreo. <p>Sexa cal for o tipo empregado, a mesa sobresaie en planta da cámara para impedir o paso aos roedores, a xeito de <i>tornarratos</i>.</p> <p>A <i>cámara</i> do hórreo é o elemento principal deste tipo de edificación. De planta rectangular, pode estar estruturada en un, dous, tres, catro, cinco e ata seis <i>claros</i>, que son como se denominan os treitos de parede de madeira -separados entre si por trabes pétreas verticais- que dividen o alzado costal (ou lateral) dos hórreos amaiáns. Os <i>costais</i> -onde en ocasións se sitúa un dos accesos a este peculiar almacén- péchanse cunha serie de táboas en sentido vertical -reforzadas horizontalmente con faixas- que deixan físgoas de entre 1 e 2 centímetros para permitir o paso ao vento.</p> <p>Pola súa parte, o alzado frontal deste tipo de construción, o penal, pode estar configurado indistintamente polo mesmo modelo anterior, ou ben cun simple muro -de perpiaño as máis das veces- no que comunmente se abre un vano para instalar a porta de entrada ao hórreo.</p> <p>Remata a construción unha armazón de madeira que soporta un tellado a dúas augas -case sempre de tella curva- ornamentado cunha cruz e un pináculo ou bico na cumieira (parte máis elevada), a xeito de símbolos de carácter profiláctico-laudatorio.</p>	


OBSERVACIÓNS:

Malia ser un elemento arquitectónico moi valorado pola cidadanía propietaria, existe un número indeterminado de hórreos en mal estado (sobre todo os exemplares integramente de madeira), así como reparacións e engádegas moi desafortunadas (celeiros de ladrillo sen recebar, substitución da madeira por ladrillo prefabricado do tipo de celosía...). Isto obriga á administración local a arbitrar todas as medidas que estean na súa man para asesorar e colaborar cos administrados (xestionando e concedendo subvencións que contribúan a conservar este importante patrimonio por exemplo), algo para o que sería necesario contar cun inventario no que figure o estado material de cada un destes bens.


HORREOS




HORREOS



HORREOS




HORREOS




CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS DO CONCELLO DE BRIÓN OS POMBAIS

FICHA INDIVIDUAL Nº: 3


DOCUMENTACIÓN ESCRITA	
DENOMINACIÓN: Pombais	TIPO DE ELEMENTO: Construcción adxectiva de crianza de aves
LOCALIZACIÓN: Totalidade do termo municipal Coordenadas:	TITULARIDADE: Privada
DESCRICIÓN: <p>O pombal ou pombar é unha peza arquitectónica habitualmente presente en pazos, mosteiros, rectorais e casas grandes labregas. Son arredor da trintena os rexistrados por Clodio Glez no termo municipal de Brión, e presentan tres tipos diferenciados de plantas: circular, prismática e octogonal, sendo a primeira a máis común de todas elas.</p> <p>A súa presenza nas eiras das familias máis facendosas era un relevante signo de prestixio social, mais que unha importante fonte de ingresos.</p> <p>Sitúanse en lugares elevados, lonxe de árbores que poidan ofrecer pousadoiro á rapina, orientados cara o mediodía e abrigados dos ventos dominantes.</p> <p>Os seus elementos constructivos constitúenos muros perimetrais de cachotería de granito maiormente (as máis das veces recibado e encalado), aínda que non faltan os traballados con fermosas pezas de cantería. A cuberta é cónica na maioría das ocasións, (a catro augas nos de planta cuadrangular) asentada sobre unha armazón de madeira que cubre o interior da construción, ao que só se accede por medio dunha porta de pequenas dimensións.</p> <p>Pola súa parte, as pombas entran por un reducido número de buratos de paso situados sobre o <i>asoleirado</i>, un beiril que facilita o pousado das aves. No interior, estas durmen e crían nos nichos de pedra compartimentados ao longo de toda a parede interna. En ocasións, sempre dentro da construción, os pombais conteñen unha mesa de pedra no centro onde os coidadores alimentan ás aves en tempo de inverno.</p>	
OBSERVACIÓNS: <p>A práctica totalidade dos pombais están totalmente abandonados, polo que urxe a intervención da administración, para que impedir a súa desaparición.</p> <p>O inventariado de todos os exemplares –onde figure o grao de conservación de cada un deles- e o asinamento de convenios cos titulares destas construcións e/ou a súa adquisición por parte do concello dos mellores exemplares, contribuiría a preservar un valioso e insubstituíble elemento arquitectónico, símbolo clasista da historia da alimentación dos galegos/as dende –cando menos- o S. XIII.</p>	




FOTOGRAFIA DO ELEMENTO



POMBAIS



POMBAIS



CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS DO CONCELLO DE BRIÓN AS PESQUEIRAS

FICHA INDIVIDUAL Nº: 4

DOCUMENTACIÓN ESCRITA				
DENOMINACIÓN: Pesqueiras, canales ou pescos	TIPO DE ELEMENTO: Construcións destinadas á pesca fluvial			
LOCALIZACIÓN: Ribeiras do río Tambre Coordenadas ¹ :	TITULARIDADE: Privada e Comunal, segundo o caso			
DESCRICIÓN: As pesqueiras son un tipo de construción ciclópea ² ou troncopiramidal de planta trapezoidal, conformada a base de perpiaños de granito aliñados de xeito paralelo ao río que teñen por obxecto xerar correntes fluviais que faciliten o remonte do río polos peixes co mínimo esforzo posible. Malia existir distintos tipos de disposición no leito fluvial, artes de pesca e constitución dos muros, as pesqueiras do Tambre –ao seu paso por Brión– gardan unha importante coherencia constructiva (actualmente moi difícil de apreciar dado que os restos das pesqueiras só se observan cando o caudal do Tambre vai baixo por mor da temporada estival ou a apertura das comportas do encoro) que as diferencian das enclavadas nas ribeiras do Miño ou Ulla. Troitas, reos, salmóns, lampreas ou anguías caían decote nas redes dos <i>bituróns</i> , unha rede en forma de cono que se colocaba contra corrente entre cada unha das oblongas construcións, e que perseguían enganar ao peixe invitándoo a un ascenso tan fácil coma mortal.				
ZONA DE ORDENANZA NO PXOM NA QUE SE ATOPA:				
PLANEAMENTO POSTERIOR: OBRIGADO: RECOMENDADO: SI OPTATIVO: INNECESARIO:				
<table style="width: 100%; border: none;"> <tr> <td style="width: 33%; border: none;">OBRAS PERMITIDAS:</td> <td style="width: 33%; border: none;"> CONSERVACIÓN: RESTAURACIÓN: CONSOLIDACIÓN: </td> <td style="width: 33%; border: none;"> REESTRUCTURACIÓN: ADICIÓN PLANTA: REHABILITACIÓN: </td> </tr> </table>		OBRAS PERMITIDAS:	CONSERVACIÓN: RESTAURACIÓN: CONSOLIDACIÓN:	REESTRUCTURACIÓN: ADICIÓN PLANTA: REHABILITACIÓN:
OBRAS PERMITIDAS:	CONSERVACIÓN: RESTAURACIÓN: CONSOLIDACIÓN:	REESTRUCTURACIÓN: ADICIÓN PLANTA: REHABILITACIÓN:		
Observacións:				

¹ Se procede

² Para ampliar información consultar o traballo que sobre as pesqueiras do río Miño elaborou o arquitecto Cesar Portela.

MELLORAS NECESARIAS:

A) NO PROPIO ELEMENTO: É absolutamente necesario que as administracións poñan freo á progresiva destrución das pesqueiras. O seu valor arquitectónico, etnográfico e económico obríganos a implementar accións que posibiliten a restauración daquelas menos vulnerables ás enchentas do encoro Barrié. A sinalización da súa localización e a instalación de paneis informativos que faciliten a lectura e interpretación dos mellores exemplares, serían -ao noso xuízo- unhas medidas altamente positivas.

NIVEL DE INTERESE ³	1	2	3	ESTADO DE CONSERVACIÓN	
HISTÓRICO	X				A) BO: B) REGULAR: C) MALO: SI
ARTÍSTICO- ARQUITECTÓNICO		X			
URBANO					

OBSERVACIÓNS:

As pesqueiras foron empregadas xa pola cultura galaico-romana entre o S. I e o III d.C.

³ 1. Moi Alto, 2. Alto, 3. Medio

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS DO CONCELLO DE BRIÓN

OS RELOXOS DE SOL


FICHA INDIVIDUAL Nº: 5

DOCUMENTACIÓN ESCRITA	
DENOMINACIÓN: Reloxos de Sol	TIPO DE ELEMENTO: Aparello para medir o tempo a través da luz solar
LOCALIZACIÓN: Hórreos, vivendas e igrexas Coordenadas:	TITULARIDADE:
DESCRIPCIÓN: Atopamos reloxos de sol embebidos nos pináculos traseiros dos hórreos (Esparís), sobre simples canzorros que se encaixan nas paredes de pazos (Armesto) e vivendas labregas (Romarís, Reboredo Grande), e tamén nos muros de varios templos (O Tremo, Os Ánxeles). De distintos tamaños, constan basicamente dun paralelepípedo de forma cuadrangular ou rectangular no que se labran unha serie de incisións e liñas radiais sobre as que vai proxectar a súa sombra unha lámina metálica (ferro ás máis das veces) de forma triangular. Todos estes elementos, liñas e triángulo, áchanse inseridos nun recadro baixo o que figuran unha serie de números de epigrafía romana que van facilitar aos paisanos a identificación das horas do día a través do distinto lugar que ocupe o sol.	
ZONA DE ORDENANZA NO PXOM NA QUE SE ATOPA:	
PLANEAMENTO POSTERIOR: OBRIGADO: RECOMENDADO: SI OPTATIVO: INNECESARIO:	
OBRAS PERMITIDAS: CONSERVACIÓN: REESTRUCTURACIÓN: RESTAURACIÓN: ADICIÓN PLANTA: CONSOLIDACIÓN: REHABILITACIÓN:	
Observacións:	
MELLORAS NECESARIAS: A) NO PROPIO ELEMENTO: Tratamento periódico contra os líquens e males da pedra. Asimesmo cómpre repoñer as placas metálicas que, a xeito de punteiros, foron desaparecendo por mor do paso do tempo. B) NO CONTORNO: A construción de peches e o aumento da vixiancia poden contribuir a mellorar as condicións de seguridade dos reloxos.	

NIVEL DE INTERESE ²	1	2	3	ESTADO DE CONSERVACION
HISTÓRICO	X			A) BO: B) REGULAR: SI C) MALO:
ARTÍSTICO- ARQUITECTÓNICO	X			
URBANO				
OBSERVACIONES:				
<p>A ameaza principal á que están sometidos os reloxos de sol é a mesma que se cerne sobre os santos localizados en fornelas de fácil acceso ou sobre as capas dos muíños. A existencia dunha tribo de expoliadores do alleo que non repara en valores éticos nin cívicos aconsella identificar -baixo unha clave alfanumérica- e inventariar -por medio dunha ficha que inclúa tanto a localización sobre plano do ben como unha instantánea- estes preciaos elementos patrimoniais.</p>				

² 1 Moi Alto, 2 Alto, 3 Medio

RELOXOS DE SOL



CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS DO CONCELLO DE BRIÓN

AS PONTES

FICHA INDIVIDUAL Nº: 6

DOCUMENTACION ESCRITA	
DENOMINACION: Pontes	TIPO DE ELEMENTO: Construcións para salvar canles fluviais e accidentes xeográficos
LOCALIZACION: Todo o termo municipal Coordenadas:	TITULARIDADE: Pública
DESCRIPCION: As pontes históricas de Brión fixéronse para atravesar os meirandes ríos que sulcan o termo municipal (Tambre e Sar principalmente) mais tamén unha mancha de regueiros e regatos que, a xeito de afluentes (Chaviellos, Pego, Sanín, Tinto...) regan estas terras ata perder a súa identidade na desembocadura dos primeiros. Con non ser as pontes unha construción exclusiva dos accidentes hidrográficos, estes protagonizan en Brión a meirande parte destas solucións arquitectónicas que, pouco a pouco, coa súa aparición masiva contribuíron á desaparición dun vello oficio; o de barqueiro. O modelo máis elemental para salvar as canles fluivais está pensada para os vehículos de tracción animal –os carros-, para os que foi habitual o enlousamento dos fondos con grandes pedras para facilitar o seu paso. Síguenlle os Pasos, Pasales ou Pasadoiros –tamén a súa variante, coñecida como Poldras - uns paralelepípedos de perpiaño que se dispoñen sucesivamente ao longo do leito do río para facilitar o seu cruce a pé. A Pontella e o Pontillón son estruturas a base de grandes lousas de pedra asentadas sobre uns muretes –dispostos no leito fluvial no mesmo sentido da corrente- que fan posible o tránsito de carros e carruaxes. O Pontillón é o exemplo de ponte máis abundante en Brión. As súas grandes pezas horizontais –a xeito de firme ou calzada- aséntanse sobre cepas de pedra, tal e como acontece en Ponte Maceira, Vidaloiro ou na parroquia de Ons, moi preto do lugar do Castro. Mención aparte merece a ponte romana de Xinzo (S. Xiao de Bastavales), a única que se estrutura en base a un único arco de medio punto que salva o caudal do río Tinto. Existiu outra semellante na aldea vicesense de Ombre, mais foi derruída hai uns cincuenta anos. Outro vestixio é o da antiga Ponte Pías ou Ponte de Ons, da que só se conservan as cepas de pedra. Os materiais máis comúns deste tipo de construcións son a madeira, pero sobre todo a pedra. Namentras a primeira se utilizou maiormente para servir de calzada –aínda que tamén hai casos de pontes construídas integramente neste material-, a segunda empregouse e emprégase para confeccionar, ademais da calzada, as cepas e tallamares, habitualmente de morfoloxía semicircular ou triangular para favorecer o curso do río. Son escasos os exemplos de pontes ou pontellas históricas dotadas con peitoril para facer máis seguro o tránsito de bens, animais ou persoas, xa for este de pedra ou de madeira.	

MELLORAS NECESARIAS:

- A) NO PROPIO ELEMENTO: Labores de mantemento e conservación periódicos. Onde e cando sexa viable, construción de novas pontes que permitan recuperar as antigas, reintegrándoas ao seu estado orixinario.
- B) NO CONTORNO: Axardinamento e instalación de paneis que posibiliten a interpretación arquitectónica e histórica dos exemplos máis notables.

NIVEL DE INTERESE ²	1	2	3	ESTADO DE CONSERVACIÓN ³
HISTÓRICO		X		A) BO: B) REGULAR: SI C) MALO:
ARTÍSTICO- ARQUITECTÓNICO		X		
URBANO				


OBSERVACIONES:

² 1. Moi Alto; 2. Alto; 3. Medio; fai referencia a todas elas en xeral

³ Fai referencia ao estado xeral de todas elas.

LOCALIZACION DO ELEMENTO

Escala 1:5.000



FOTOGRAFIA DO ELEMENTO

